

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS, E A FEDERACIÓN GALEGA DE IRMANDADES DE DOADORES DE SANGUE

En Santiago de Compostela, 23 de abril de 2025

REUNIDOS

DUNHA PARTE: Don Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, e da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, actuando en calidade de estes últimos, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, así como co Decreto 142/2015, do 17 de setembro, polo que se crea a Axencia de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos, e de acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

E DOUTRA: Don Manuel Fonseca Gómez, presidente da Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue, con CIF: V-36824449, que actúa en nome e representación da mesma,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 22 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Que a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (en adiante ADOS), de conformidade co previsto nos seus estatutos, aprobados por Decreto 142/2015, do 17 de setembro, é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

A ADOS atópase adscrita á consellería competente en materia de sanidade, e ten como fin actuar como un instrumento de xestión eficiente para asegurar a doazón voluntaria de sangue, o procesamento, fraccionamento, almacenaxe e abastecemento de compoñentes sanguíneos e hemoderivados, a coordinación de transplantes de órganos e a obtención, procesamento, almacenaxe, distribución e implante de células e tecidos, aplicando os criterios de calidade vixentes no mercado e na lexislación de aplicación, e seguridade marcados tanto pola lexislación vixente coma polas guías científicas, e asegurando que se cumpren todos os aspectos éticos inherentes á doazón e ao uso de substancias de orixe

humana procedentes da mesma.

De conformidade co artigo 9 dos seus estatutos é competencia da axencia conseguir doazóns voluntarias e altruístas de sangue, medula ósea e sangue de cordón umbilical para cubrir as necesidades do sistema sanitario de Galicia, así como conseguir as doazóns de células e tecidos necesarios para atender as necesidades dos/as doentes do sistema sanitario de Galicia e dos programas de investigación celular.

SEGUNDO.- Que a Orde do Ministerio de Traballo do 29 de outubro de 1971, creou, baixo a promoción e o patrocinio da Entidade Xestora da Seguridade Social, as Irmandades de Doadores de Sangue, configurándoas como persoas xurídicas de dereito privado e sen ánimo de lucro.

Que a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue agrupa ás distintas Irmandades galegas que teñen como finalidades, entre outras, a promoción da hemodoazón en Galicia baixo a coordinación da ADOS.

Para acadar niveis óptimos de hemodoazón, as distintas Irmandades que compoñen a federación participan en campañas de radio e televisión, reparten trípticos e carteis, percorren concellos contactando directamente coas persoas, promoven charlas e atenden tódolos requirimentos dos doadores nas súas oficinas, tanto persoal como telefónicamente.

Así mesmo, as Irmandades, ao igual que viña ocorrendo co Centro de Transfusións de Galicia, colaboran coa ADOS mediante a realización de propostas, así como en todo o que esta determine e solicite.

TERCEIRO.- Que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento de actuacións conxuntas en materia de difusión de información na Comunidade Autónoma de Galicia para acadar o fin común, que é a promoción da hemodoazón.

CUARTO.- Que a Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no seu artigo 19.4.a), por tratarse dunha subvención que se concede de forma directa ao estar prevista nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Tendo en conta o exposto, ámbalas dúas partes consideran necesario o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para acadar un mellor funcionamento dos servizos sanitarios e unha mellora na saúde da poboación.

Por todo isto, formalizan este convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto o desenvolvemento, por parte da Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue, da promoción da hemodoazón en Galicia con todos os medios ao seu alcance, en coordinación co Servizo Galego de Saúde e coa ADOS. No desenvolvemento destes programas, a asociación atenderá toda a demanda que se xere neste período respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

SEGUNDA.- OBRIGAS

A Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e asume, ademais, os seguintes compromisos:

- a) Cumprir as directrices e instrucións de coordinación e programación establecidas polo Servizo Galego de Saúde.
- b) Fomentar a doazón de sangue por toda a xeografía galega a través de distintos medios como charlas, carteis, dípticos, trípticos, entre outros.
- c) Informar á cidadanía da importancia de colaborar solidariamente na cobertura das necesidades de sangue e hemoderivados nos centros sanitarios galegos.
- d) Colaborar coas medidas que o Servizo Galego de Saúde considere conveniente realizar para comprobar o cumprimento do fin para o que se subscribe este convenio.

O Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar á Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue a contía económica prevista na cláusula terceira.

A ADOS comprométese a:

- a) Recibir a documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados por parte da Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue.
- b) Recibir as comunicacións electrónicas.

TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

Para o cumprimento deste convenio, o Servizo Galego de Saúde comprométese a achegar a **cantidade de 58.200,00 €** (cincuenta e oito mil douscentos euros) con cargo á aplicación orzamentaria **5001.412A.481.3**, co código de proxecto 2014 00018, consignada nominativamente nos **orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025**.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

QUINTA.- RÉXIME DE PAGAMENTOS

A contía indicada na cláusula terceira farase efectiva do seguinte xeito:

Logo da sinatura do convenio, poderase efectuar un **pago anticipado do 10%** do importe total do convenio, logo da presentación por parte da federación dunha memoria coa descrición do programa de actividades que se van realizar durante a vixencia do convenio e sempre que a actividade comezase previamente á sinatura do convenio.

Ademais, poderanse realizar **pagamentos parciais até un máximo do 80%** do importe total deste convenio (incluíndo o anticipo), á conta da liquidación definitiva e segundo se desenvolvan as actividades do programa, achegando orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gasto ocasionados polo desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos, así como os xustificantes dos pagamentos.

A porcentaxe restante da subvención non se fará efectiva até que estean integramente xustificadas a totalidade dos pagamentos correspondentes á actividade subvencionada incluíndo, no seu caso, o importe do anticipo a conta.

De acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, os pagos anticipados e os pagos a conta quedan exonerados da constitución de garantía.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN FINAL

1. A **xustificación final** realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos artigos 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:

- a) Orixinais ou copias compulsadas dos xustificantes de gastos ocasionados e acreditación dos pagamentos realizados no desenvolvemento das actividades do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos. Para os gastos de pequeno importe, inferiores a 100 €, por comunicacións postais e outros, admitiranse os tiques emitidos polas oficinas de Correos ou establecementos correspondentes.

b) Declaración das actividades realizadas e financiadas con este convenio indicando o custo repercutido para a entidade.

c) Certificación da Federación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento de actividades obxecto deste convenio e que foron debidamente aboados.

d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

2. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicárase a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.

3. Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, e realizados no desenvolvemento do obxecto deste convenio. Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os realizados dende o 1 de decembro do 2024 ata o 30 de novembro de 2025.

Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada se son indispensables para a axeitada preparación ou execución da mesma, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

A xustificación dos gastos deberá presentarse con anterioridade ao 15 de decembro. De conformidade co artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 xuño, aos efectos deste convenio, consideraranse gastos realizados os que foran efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación e aqueloutros gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo.

4. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente.

5. A documentación xustificativa dos gastos ocasionados e pagos realizados dirixirase á ADOS, que emitirá informe favorable de ser conforme.

6. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

SÉTIMA.- REMISIÓN ELECTRÓNICA DA DOCUMENTACIÓN

Consonte ao disposto nos artigos 14.2, 16.8, 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para a remisión da documentación relativa ao convenio utilizarase a sede electrónica da Xunta de Galicia mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominada *"PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO"* (PR004A), dirixíndoas ao

servizo de xestión da ADOS (unidade A12018776). O único medio válido para a presentación da documentación para a xustificación deste convenio é a Sede Electrónica.

OITAVA.- COMISIÓN PARITARIA

Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución. Esta comisión estará composta por:

- Un representante do Servizo Galego de Saúde.
- Un representante da ADOS.
- Dous representantes da Federación.

NOVENA.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento. As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde nin da ADOS cos profesionais dependentes da Federación Galega de Irmandades de Doadores de Sangue que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RÉXIME SANCIONADOR

Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO SEGUNDA.- DEBER DE COLABORACIÓN

A federación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á ADOS, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas, Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro. Así mesmo, deberá de cumprir o resto de obrigas que establece o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA

O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2025.

Ambas as partes poderán prorrogalo mediante acordo escrito, de conformidade co disposto na letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO CUARTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- b) O mutuo acordo entre as partes asinantes do mesmo.
- c) As demais causas previstas na lexislación aplicable e, en especial, no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- REXISTRO DE CONVENIOS E TRANSPARENCIA

A sinatura deste acordo leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calesquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013 do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente acordo será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEXTA.- PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente acordo e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de concluída a vixencia do acordo.

E en proba de conformidade asínase palas partes este convenio, no lugar enriba sinalado e na data da súa derradeira sinatura dixital.

POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E POLA AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	POLA FEDERACIÓN GALEGA DE IRMANDADES DE DOADORES DE SANGUE
Antonio Gómez Caamaño	Manuel Fonseca Gómez